

PERSPECTIVAS DE XÉNERO NA CREAÇÃO LITERARIA

“Este documento busca presentar unha imaxe da situación actual das escritoras e dos escritores en lingua galega en función do xénero, ademais de tratar de descubrir e describir como este afecta ao desenvolvemento da súa profesión literaria.”

Cheiran as novelas á comida que ferve nas potas da cociña? Escóitanse os choros da cativada entre as liñas dun ensaio? Alguén atopou un chupete nun verso? Cantas horas de escrita fican pegadas á roupa ao pasar o ferro? Xurdíronme estas preguntas a medida que lía os datos do “Informe de resultados. Perspectiva de xénero” que aquí se nos presenta. Se debullamos as cuestións e os datos que guían este informe, a interpelación polo cuarto propio das escritoras preséntase de total actualidade e necesidade. De feito, logo de case dous séculos da publicación de *Lieders*, a reflexión polo espazo das mulleres na literatura galega é pertinente e non deixa de ser en certa medida sorprendente á luz dos datos que nos achega este informe.

Dun xeito inxenuo, e antes de achegarme aos datos, tería afirmado que a día de hoxe o número de escritoras está equiparado co de escritores. Sen lugar a dúbidas este sería a miña proposta inicial sen reflexionar ao respecto. Non obstante, a caracterización demográfica que realiza este informe sitúanos noutra realidade: só un 35% das persoas que responderon a enquisa identificáronse co xénero feminino e un 2% con outras opcións. En primeiro lugar, teño que destacar que o meu ollo situado deformaba a mirada sobre a escrita feminina e, sen análise previa, consideraba ese acceso paritario das mulleres en razón dos meus intereses e lecturas. Polo tanto, a primeira sorpresa foi esta diferenza nos datos. Se a esta engadimos a diferenza na media de idade e os datos recollidos polo Centro Ramón Piñeiro en 2018 sobre as publicacións de homes e mulleres, unha das

primeiras afirmacións do informe a destacar é clara: seguen a ser máis os homes que escriben e publican.

Esta afirmación ten algunha derivada que non podemos pasar por alto. A primeira é a referida á idade. As escritoras son máis novas que os escritores, e, polo tanto, están nun momento da súa carreira profesional ou da súa vida persoal que pode implicar certos atrancos para a produción. A segunda é que xunto coa xuventude acumulan máis títulos universitarios, o que nos fala xa dun perfil de escritora con formación, que vén ser un punto en común na presenza das mulleres noutros espazos públicos. Esta formación está moi vencellada ao labor docente, ao xornalismo e á xestión cultural. Este datos son congruentes coa dificultade para poder vivir da escrita, algo polo demais común e transversal a homes e mulleres.

Sobre este último aspecto é interesante incluír a variábel do tempo de lecer. As mulleres renuncian en maior medida a este tempo que os homes ao non dispor de medidas de conciliación que lles proporcionen tempo libre para a escrita. Este aspecto da conciliación ten moito peso no informe e, se cadra, cómpre que nos deteñamos sobre el. Avoga o informe pola necesidade dunha rede de coidados, algo que, como moi ben se di, debe ser común a todas as profesións. Mais, no referido á escrita en Galiza, incluso creo que se debería camiñar tamén na liña de profundar na eliminación do prexuízo de que esta actividade sempre se realiza en tempos libres. Afianzar a idea de que a escrita é un ben social e cultural que require de espazos e tempos axeitados é necesaria para a plena incorporación das mulleres e para a mellora da sociedade no seu conxunto.

A respecto dos xéneros literarios o informe deita luz sobre un aspecto ben coñecido, que é a menor porcentaxe de mulleres que publican ensaio. Este aspecto ten seguramente moitas explicacións, unha das que de xeito tentativo podemos albiscar é a escasa visibilidade que tiveron as mulleres como pensadoras e creadoras de opinión ata hai ben pouco tempo. Esta diferenza entre xéneros estamos certa que irá reducíndose a medida que as novas escritoras desenvolvan as súas carreiras. Pola contra e como contraste, podemos sinalar que as escritoras galegas contan cunha porcentaxe de tradución a outras linguas dun 75%, superando en quince puntos aos homes. Aínda que no informe se sinala que este dato pode estar parcialmente distorcido polo volume de respostas, considero que fala, de xeito aproximativo, da boa proxección da literatura galega.

No referido ao mundo editorial, cómpre destacar a idea de que algúns temas ou ter ideas propias sexan cuestión aínda non aceptadas polo sector. Neste punto sería necesario un estudo sobre o comportamento tamén das lectoras e dos lectores, isto é, se len por igual a homes e mulleres, porque hai estudos que afondan nesta diferenza de temas e persoas lectoras que poden influír na selección de temas das propias editoriais. Nesta liña, e na miña opinión, podemos comentar o esforzo no mundo editorial galego no referido ao ensaio por visibilizar o pensamento feminista e a disidencia sexual nos últimos anos.

Un dos últimos puntos a destacar é o que ten relación coa crítica. Sobre este aspecto, o informe conclúe que esta actividade está en mans na maioría dos casos de homes, e que isto pode implicar certo prexuízo á hora de analizar a obra literaria das mulleres. Este controvertido tema considero que debe ser abordado con maior profundidade para poder clarificar a revolución que implicou en temas e perspectivas a incorporación das mulleres ao sistema literario galego nas últimas décadas.

Para finalizar, quereda destacar o valor das reflexións e conclusións finais. Recomendo a súa lectura e sobre todo o seu debate posterior, porque poñen de manifesto que aínda existe unha estrutura patriarcal que impide que as mulleres dispoñan do tempo necesario para permanecer no cuarto propio que xa parece existir na casa das escritoras. Con todo e iso, certas cuestións fican abertas para futuros estudos. Só a modo de exemplo quixera indicar algunhas: O recoñecemento das autoras é o mesmo que o dos autores?, É necesaria unha crítica literaria feminista?, Hai temas femininos?, A escrita ten xénero?, ou Existe unha narrativa que poidamos denominar violeta?

Seguimos sen identificar o cheiro dos libros ou os biberóns perdidos entre liñas, mais o informe ofrece un achegamento ás diferenzas por xénero que se perciben nos autores e autoras que participaron no estudo. Isto xera un marco de análise que sempre axuda a identificar olores na escrita, clarificar texturas ideolóxicas e eliminar prexuízos.

Vigo, 2022

Carme Adán